**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 5º PRIMARIA-

# CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP SAN TOMÉ**
**36015093**
**DATA:**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Atención á diversidade**
5. **Información e publicidade.**

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

## Competencia Comunicación lingüística

-Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas; así como ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.

-Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.

- Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.

innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.

-Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía, seguindo unha secuencia lineal, adecuados ao nivel e imitando modelos

-Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua

-Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos)

-Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou da internet, identifica o tema e elabora un resumo.

-Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.

-Le en voz alta e en silencio, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.

-Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.

-Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

-Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas...

-Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

-Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.

-Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.

-Amosa na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal.

-Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.

-Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.

-Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.

-Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado en calquera soporte.

-Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.

-Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita.

-Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono en galego.

-Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.

-Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

-Comprende na lingua estranxeira os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital.

- Identifica a información en lingua estranxeira máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

- Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación na lingua estranxeira, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.

- Comprende a idea principal dun texto escrito en lingua estranxeira, sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.

- Elabora textos sinxelos en lingua estranxeira relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.

- Identifica en textos simples en lingua estranxeira : as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación.

- Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer en lingua estranxeira.

- Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións de si mesmo/a e doutra persoa en lingua estranxeira.

- Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos en lingua estranxeira.

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

## Competencia en Matemática, Ciencia e Tecnoloxía

-Resolución de problemas dos bloques 2, 3, 4, 5

-Algoritmos estándar da suma, resta, multiplicación e división con números naturais e decimais.

-Magnitudes: estimación, comparación, conversión, equivalencias.

-Estratexias de cálculo mental

-Realización e interpretación de gráficos

- Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.
- Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
- Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
- Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.
- Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.
- Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
- Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.
- Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.
- Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

## Competencia aprender a aprender

- Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.
- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos físicos e químicos.
- Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
- Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.
- Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
-Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades
- Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
- Emprega, de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais
-Consulta na biblioteca diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.
- Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
-- Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.
-- Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.
-Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.
-- Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
- Utiliza, de xeito guiado, estratexias de reestruturación cognitiva.
-- Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
- Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora tamén en lingua estranxeira.

## Competencia en Conciencia e Expresións Culturais

-Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

- Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.

-- Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.

-Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

-- Debuxa aspectos da vida cotiá.

- Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.

- Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.

- Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).

- Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.

- Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.

- Intenta coñecer e utilizar a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.

-Intenta interpretar pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

- Intenta construír algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

-Quere reproducir e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

| **Competencia Social e Cívica** |
|---|
| -Aplica as normas socio-comunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.<br>- Atende ás intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper<br>- Respecta as opinións dos e das demais. |

| **Competencia Dixital** |
|---|
| -Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.<br>-- Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.<br>-Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.<br>-- Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.<br>- Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.<br>-- Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas<br>- Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe.<br>- Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.<br>-Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.<br>- Emprega procesadores de textos con certa autonomía.<br>- Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais<br>-Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. |

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

| **Competencia sentido de iniciativa y espíritu emprendedor** |
| --- |
| .<br>- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.<br>- Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.<br>-- Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.<br>- Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.<br>- Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. |

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

| **2- Avaliación e cualificación** | | |
|---|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos | • Envío de imaxes de textos escritos a través de Edixgal e blogs.<br>• Pequenos traballos de investigación.<br>• Pequenas redaccións.<br>• Composición de diferentes tipoloxías textuais.<br>• Envío de producións orais (vídeos/audios) a través de Edixgal ou de correo electrónico.<br>• Envío de imaxes de resolución de problemas/retos matemáticos.<br>• Cuestionarios on line.<br>• Realización de actividades interactivas en paquetes SCORM e IMS.<br>• Envío de imaxes de tarefas plásticas a través da caixa de entrega de Edixgal ou correoelectrónico.<br>• Envío de imaxes e audios/vídeos de producións musicais.<br>• Conversas mantidas a través de vídeoconferencias. |
| | Instrumentos | • Imaxes das probas escritas.<br>• Vídeos e audios.<br>• Táboas de indicadores:<br>a) Rúbricas (expresión oral e escrita)<br>b) Escalas de observación<br>c) Rexistro de entrega de tarefas |
| | ▪ <u>**Terceira avaliación:**</u><br>▪ -Cualificación: media das dúas primeiras avaliacións máis a valoración do traballo non presencial:<br>●+1 punto para o alumnado que entregue o 75% das tarefas propostas polo profesorado.<br>●+2 para o alumnado que entregue o 90% e a valoración obxectiva empregando os instrumentos de avaliación anteriormente descritos.<br><br>-**Avaliación**: informe sobre a evolución individual.<br><u>**Avaliación ordinaria:**</u><br>-**Cualificación**: realizarase unha media das tres avaliacións para obter a nota global.<br>-**Avaliación**: informe individualizado. | |

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

| | |
|---|---|
| | ▪ |

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

<table>
<tr><th colspan="3">3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</th></tr>
<tr><td rowspan="4">ACTIVIDADES</td><td rowspan="4">Repaso e reforzo</td><td>Matemáticas:<br>-Resolución de problemas dos bloques 2, 3, 4, 5<br>-Exercicios repaso dos bloques 2, 3, 4, 5<br>-Os exercicios e problemas realizaranse de forma individual a través de tarefas de Edixgal que serán enviadas semanalmente á mestra especialista en matemáticas.</td></tr>
<tr><td>Áreas lingüísticas:<br>-Tanto en inglés, como castelán e galego, lévanse a cabo actividades de comprensión oral e escrita e actividades de expresión oral e escrita repasando os contidos traballados ata o cese da asistencia ás aulas pola pandemia.<br>Así mesmo, lévanse a cabo actividades de repaso da ortografía e gramática dos contidos traballados ata ese momento.</td></tr>
<tr><td>Ciencias:<br>-Cuestionarios, realización de esquemas e traballos libres relacionados cos temas traballados ata o momento.<br>-Videotitorías a través da plataforma WebEx.</td></tr>
<tr><td>Educación artística:<br>-Creación e composición de obras plásticas empregando os coñecementos adquiridos ata o cese da asistencia ás aulas pola pandemia.<br>-Empregar diferentes materias, técnicas e soportes para as creacións plásticas e musicais.<br>-Expresar a súa opinión sobre obras artísticas plásticas e musicais famosas.</td></tr>
</table>

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| **ACTIVIDADES** | **Ampliación** | **Matemáticas**:<br>-Relación entre fracción e número decimal.<br>-Explicación a través de Genial.ly e videoconferencia (con apoio de Paint).<br>-Resolución de exercicios individuais. |
| | | **Áreas lingüísticas:**<br>-En **lingua en galega e castelá**:<br>-Adverbios, preposicións e conxuncións.<br>-As interxeccións.<br>-O til diacrítico.<br>-Familia léxica e campo semántico.<br>-Textos informativos<br>-Textos teatrais<br><br>-E**n lingua inglesa:** o pasado simple. |
| | | **Ciencias:**<br>-Cuestionarios, realización de esquemas e traballos libres relacionados cos temas de saúde, materia e enerxía e historia.<br>-Videotitorías a través da plataforma WebEx. |
| | | **Educación artística:**<br>-As liñas na creación artística plástica e a xeometría na arte.<br>-Continuar ampliando o tipo de técnicas plásticas e musicais xa reforzadas e utilizar algunhas ferramentas específicas da educación plástica (a regra e o escadro) e musical. |

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| | Con conectividade | • Tarefas relacionadas co vídeo/texto.<br>• Problemas de aplicación a situacións da vida cotiá.<br>• Vídeos/textos explicativos coa presentación do contido.<br>Vídeos e audios de produción propia<br>Vídeos externos (youtube, eduteca, happy learning...)<br>Presentacións de produción propia (genial.ly, pdf)<br>Videocontos<br>Videoconferencias<br>Edixgal/ blogs / web do centro / blog de música |
| | Sen conectividade | • Envío en papel das tarefas, adaptando a presentación do contido a ese formato. |
| **Materiais e recursos** | • Vídeos de produción propia<br>• Vídeos externos (youtube, eduteca, happy learning...)<br>• Presentacións de produción propia (genial.ly, pdf)<br>• Videocontos<br>• Audios de produción propia<br>• Videoconferencias<br>• Edixgal/ web do centro / blogs<br>• Creación de recursos materiais propios en Edixgal. | |

| **4- Atención á diversidade** | |
|---|---|
| **Medidas adoptadas** | ○ Creación dun curso propio en Edixgal para o alumnado con adaptación curricular ou que recibía apoio educativo por parte da PT.<br>○ Proposta de tarefas nese curso acorde ás características dese alumnado.<br>○ Sesións en webex co alumnado.<br>Seguimento por parte do Departamento de Orientación a través de chamadas/videochamadas. |

**CEIP SAN TOMÉ**
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
**Teléfonos**: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

<table>
<tr><th colspan="2">5 Información e publicidade</th></tr>
<tr><td>Información ao alumnado e ás familias</td><td>Empregaranse as vías de comunicación habituais neste tempo:
<ul>
<li>Comunicación xeral a través de Abalarmóbil.
<ul>
<li>Información xeral da situación educativa.</li>
<li>Comunicados de centro.</li>
<li>Comunicados de aula.</li>
<li>Salas de mensaxería para temas diversos.</li>
<li>Mensaxes privadas a alumnado concreto.
<ul>
<li>Informe das tarefas entregadas</li>
<li>Informe de non conexión (co obxectivo de detectar dificultades, non inquisidor)</li>
</ul></li>
</ul></li>
<li>Comunicación na plataforma EVA.
<ul>
<li>Plan de tarefas.</li>
<li>Vídeos explicativos.</li>
<li>Convocatoria de videoconferencias.</li>
<li>Propostas voluntarias (vídeos, actividades).</li>
</ul></li>
<li>Webex/Jitsi:
<ul>
<li>Explicación de tarefas concretas.</li>
<li>Aclaración de dúbidas a alumnado.</li>
<li>Sesións de titoría.</li>
<li>Sesións de PT</li>
<li></li>
</ul></li>
</ul></td></tr>
<tr><td>Publicidade</td><td><ul>
<li>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</li>
<li>Comunicado de centro en Abalarmóbil.</li>
</ul></td></tr>
</table>